

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

(Carballiño 1948). Fai seus primeiros estudos no Carballiño e no Insituto de Ourense, onde se vincula como colaborador do Museo Arqueolóxico, dirixido entón por Ferro Couselo, sumándose igualmente ás actividades da agrupación cultural "Auriense". Estuda Filosofía e Letras, especialidade de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, a un tempo que fai prácticas de museoloxía e arqueoloxía co historiador Manuel Chamoso Lamas na creación, instalación e posta en funcionamento do Museo das Peregrinacións, e do Museo do Ribeiro; participando igualmente como supervisor de campo nas prospeccións arqueolóxicas do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) e na ermida de San Guillermo de Fisterra. En 1975 pasa a reorganizar aspectos no Museo Arqueolóxico da Coruña, ubicado no Castelo de San Antón, sendo nomeado director-conservador. Coa ansia de abrir a institución do museo ó gran público e ás cuestións socioculturais da cidade e de Galicia, crea o colectivo de colaboradores Amigos do Museo Arqueolóxico, que será base para a formación do colectivo Amigos dos Museos de Galicia. Coa mesma ansia de dinamización e sensibilización sobre as cuestións arqueolóxicas e patrimoniais da cultura de Galicia, crea e dirixe dende o museo coruñés o Boletín "Brigantium" e unha serie de publicacións, a un tempo que coordina traballos de prospección arqueolóxica submarina co Grupo de Investigación e rescate Arqueolóxico Subacuático (GIRAS), na baía da Coruña e outras áreas da beiramar da provincia, intervindo en aspectos relativos á sensibilización sobre o patrimonio asulagado, lexislación, competencias, cuestións técnicas etc. Dende o Museo Arqueolóxico coruñés inicia igualmente o traballo de supervisión e posta en valor do Castro de Elviña. Iniciando de 1978 a 1985 a consolidación e limpeza da área excavada a finais dos anos corenta por Luengo Martínez. Membro do *Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos*; No 1987 é nomeado académico numerario da *Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario*, na que ingresa cun discurso sobre "A auga e as fontes en Galicia". Numerario e secretario do *Instituto Xosé Cornide de Estudos Coruñeses*, recibido cunha disertación sobre "Cuestións Arqueolóxicas e Museolóxicas.: revisión dende o Museo Arqueolóxico da Coruña" (1994).



No 1996 pide excedencia no Museo Arqueolóxico da Coruña e pasa á Deputación Provincial da mesma cidade como Técnico de Xestión Cultural, inspirando e coordinando plans de dinamización cultural, museoloxía e recuperación do patrimonio cultural moble, inmobile e ideolóxico, así como a posta en valor de ecomuseos.

Cunha importante laboura na dinamización cultural galega: fundador da asociación cultural "Avantar" do Carballiño, de "Alexandre Bóveda" da Coruña, do semanario "A Nosa Terra", da revista de pedagogía o "Ensino", coas que colabora con artigos de divulgación e sensibilización sobre o patrimonio cultural de Galicia. Creador e animador de "Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña", que pola súa actividade recibe en 1994 o "Premio Otero Pedrayo", inspiradora e base de "Amigos dos Museos de Galicia".

Preocupado pola linguaxe simbólica na tradición galega, así como pola posta en valor do patrimonio etnográfico e arqueolóxico. Con obra dirixida a diferentes niveis de comprensión, os que fundamentalmente van da divulgación ó ensaio, participa en múltiples publicacións, artigos nos medios de comunicación de Galicia, folletos, guías, programas de radio, TV, prologuista, autor de varios libros, especialmente sobre cuestións en relación coa identidade cultural e recursos turísticos, entre moitos outros vinculados á investigación arqueolóxica ou histórica, expostos en congresos, conferencias, etc. : *Museos de A Coruña* (Everest, León 1989); *Artesanía de Galicia* (Silex, Madrid 1981); *Ferro Couselo* (Artesa, Coruña, 1996); *Ourense Etnográfico* (Diputación, Ourense 1998); *Os Xogos Tradicionais en Galicia (Proxecto Galicia. Hércules, A Coruña 1999)*; *Festas populares de Galicia (serie con diapositivas)*; *Nadal, Antroido, Semana Santa, Maios, San Xoán, Festas populares, Magostos* (Baía, A Coruña 1997); *Os primeiros galegos:prehistoria e arqueoloxía de Galicia* (Lea, Santiago 2003); *Memoria do Carballiño* (Xerais, Vigo 2003).; Xaquín Lorenzo Fernández (Baía – 2004), etc.